

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE ABRIL DE 2010

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e oito de abril deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas Toajas, os cales foron convocados para o efecto e o Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, don Manuel Louzao Aldariz, que se incorpora á sesión no punto número 5/276 da orde do día. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día vinte e un de abril de 2010.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza de primeira utilización para o edificio sito na U.A. N-24 (rúa Bidueiro nº 6), con licenza de obra 292/07.

ÁREA DE INFRAESTRUTURAS

2. XESTIÓN.- Acórdase a aprobación inicial do proxecto de obras ordinarias de “Ampliación de redes de distribución de gas natural en el año 2009. Término Municipal de Lugo”.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a aprobación de bases e convocatoria de proceso selectivo para a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do estatuto básico do emprego público, de prazas de Animador/a Sociocultural.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a adxudicación provisional para a contratación das obras de construción dun edificio dotacional destinado a policía local e protección civil.

Acórdase a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación das obras de acondicionamento de semisoto para galería de tiro, remates ximnasio e acondicionamento do contorno e da apertura do procedemento de adxudicación.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a adxudicación provisional para a contratación da docencia especializada dos cursos de formación no marco do proxecto “Lugo emprego activo” segunda fase (proxecto cofinanciado polo fondo social europeo).

Lugo, 28 de abril de 2010
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García